

Vocabulario . VEXETACIÓN



LAURISILVA Bosque nubrado subtropical, propio de lugares húmidos, cálidos e senxeadas, con grandes árbores - algunhas perennifolias, de grande altura-, que en España se dá nas illas Canarias, máis concretamente nas vertentes setentrionais das illas occidentais de maior elevación, alí onde o “mar de nubes” -determinado pola afluencia dos alisios- permite o seu crecemento.



MAQUIS: ou maquia é un ecosistema de matogueira mediterránea, formación de especies perennifolia , esclerófila(adaptadas á aridez), principalmente arbustivas, que soe refuxiarse sobre solos silíceos. Os madroños, as xaras, os brezos, lentiscos, romeus e outras especies son características desta formación.



VEGETACIÓN CLIMAX *potencial ou climática é a vexetación que se ten establecido por si mesma nun* determinado ambiente, cunhas determinadas condicións climáticas, sen intervención da man do home; é, polo tanto, unha vexetación en estado de equilibrio dun ecosistema local, a que medra de xeito espontáneo sen intervención antrópica. Hoxe en día, por mor das repoboacións forestais e outros mecanismos da silvicultura, está en retroceso en todos os ecosistemas do mundo. Exemplo a faia na Cordilleira Cantábrica, Montes Vascos e Pirineos.

A) CONCEPTOS XV

VEGETACIÓN SECUNDARIA

◆ Vegetación Secundaria

(Vegetación debida a la acción antrópica)



VEGETACIÓN ANTRÓPICA Vegetación introducida polo home nun espazo determinado da biosfera polo seu valor económico ou pola degradación da cuberta vexetal existente. Tamén se denomina secundaria. Un exemplo sería repoboación de piñeiros e eucaliptos na paisaxe vexetal de clima oceánico

Landa, brezos y tojo



LANDA: Formación vexetal de matogueira, característica da rexión eurosiberiana e como consecuencia da degradación do bosque mixto atlántico. Está formada por matogueiras como a xesta, o toxo e o breixo, podendo acadar os 3 m de altura. É característica da España húmida, asentándose sobre solos pobres e pouco aptos para o cultivo.